

N. Expediente: 553/2026 (Exp. Relacionado 212/2026)
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Documento: Resolución
Asunto: APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN PERSOAL RURAL ACTIVO_2026 (TR351G 2026/4-5)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24 de 5 de febreiro de 2026).

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 22 de abril de 2026, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24 do 5 de febreiro de 2026), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal dunha persoa desempregada para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesaria para a súa inserción laboral, nas seguintes condicións:

Posto traballo: Peón forestal
Código ocupación: 9543
Nº traballadores: 1
Modalidade contractual: Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego_Modelo 405
Duración do contrato: 9 meses
Xornada: Completa
Proxecto: REVALORIZACIÓN FORESTAL

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación dunha persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego.
2. Presentar a correspondente oferta de traballo no Servizo Público de Emprego de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE



